

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE SANTA COMBA**

ANUNCIO de aprobación das bases xerais, das bases específicas e das convocatorias dos procesos selectivos das prazas incluídas na oferta pública de emprego de estabilización do emprego público e correccións realizadas nas devanditas bases (Lei 20/2021).

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña número 100, do 27 de maio de 2022, publicouse unha oferta de emprego público extraordinaria 2022 do Concello de Santa Comba, aprobada polo Decreto da alcaldesa do 26.5.2022, ao abeiro da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña número 247, do 30 de decembro de 2022, e no taboleiro de edictos electrónico na sede electrónica do concello: <https://sede.santacomba.es/sxc/es/informacion/> publicáronse integramente as bases xerais, as bases específicas e as convocatorias dos procesos selectivos incluídos na OEP de estabilización do emprego temporal do Concello de Santa Comba, aprobadas o 27 de decembro de 2022, ao abeiro do previsto no artigo 2 e nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña número 38, do 24 de febreiro de 2023, publicáronse as correccións das bases xerais dos procesos selectivos incluídos na OPE de estabilización do emprego temporal do Concello de Santa Comba, así como as correccións das bases específicas dunha praza de mestre/a –LFH–, mestre/a de inglés, ao temario das prazas de axuda a domicilio e socorristas e ao modelo de autobaremación das prazas do concurso-oposición (artigo 2.1 da Lei 20/2021).

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios relativos ao desenvolvemento dos procesos selectivos efectuaranse de conformidade co previsto nas devanditas bases.

Santa Comba, 1 de marzo de 2023

María Josefa Pose Rodríguez
Alcaldesa

CVE-DOG: 3vuuec01-31f8-yhk2-wmp2-exgepecynpj0

